



CONTIDO CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DEPORTIVOS, CULTURAIS, SOCIAIS OU OUTRAS DE INTERESE XERAL PARA O ANO 2025

1.- BASES REGULADORAS

De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as bases reguladoras da presente convocatoria foron aprobadas polo Pleno desta Corporación no marco das Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2025, resultándolles de aplicación, polo tanto, o Título VI, bases 66ª e seguintes, publicadas no BOP do día 10 de xuño de 2025.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais para a realización de actividades e investimentos socioculturais e deportivos en xeral, que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio, ou presten servizos que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal.

Poderán ser subvencionadas, ata un máximo do 80% do orzamento total, as seguintes actividades:

1.- Cultura

- **Actividade:**

- o Dinamización da xuventude das parroquias de Miño (cursos, charlas, actividades de verán, ocio e tempo de lecer, programas de inserción social...).
- o Promoción de actividades educativas (celebración de actividades extraescolares programadas tales como exposicións, certames, conferencias e en xeral calquera outra actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores educativos...).
- o Realización de actividades de fomento da igualdade, integración de persoas maiores e con discapacidade....
- o Fomento das artes plásticas, audiovisuais ou escénicas (certames, mostras, exposicións, publicacións, festivais, concertos, cursos...).
- o Promoción de actividades formativas, feiras comerciais.

- **Investimentos:**

- o Pequenas obras ou mellora de infraestruturas e dotación de equipamentos necesarios para o desenvolvemento das actividades que lles son propias.

2.- Deportes (Asociacións)

- **Actividade:** Promoción do deporte, exercicio físico, coidado da saúde, etc. (competicións deportivas, conferencias ou cursos, sendeirismo, acampadas, compra de vestiario non inventariable...).



- **Investimentos:** Pequenas obras ou melloras de infraestruturas e dotación de equipamentos necesarios para o desenvolvemento das actividades que lles son propias (mellora das instalacións, **adquisición de material inventariable**, repoboación de especies...).

Os gastos susceptibles de subvención serán os realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

3.- Deportistas individuais: axudas para poder levar a cabo os seus adestramentos e competicións, tendo en conta o elevado coste que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipacións, etc.

En xeral, **non serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan fóra do termo municipal, agás aquelas que sexan consecuencia de intercambios deportivos ou culturais, participación en campionatos ou que teñan como obxecto o coñecemento dos costumes, cultura, tradicións das xentes doutros lugares.**

3.- FINANCIAMENTO E IMPORTE

As aplicacións orzamentarias ás que se imputarán estas subvencións son as 334/48000 e 341/48000, cuns créditos máximos de 5.000,00, 5.500,00 e 1.500,00 euros respectivamente para actividades culturais, deportivas de asociacións e deportivas de deportistas individuais e as 334/78000 e 341/78000, cuns créditos máximos de 3.500,00 e 2.000,00 respectivamente para investimentos culturais e deportivos. En función dos importes das solicitudes para actividades e investimentos de asociacións, os créditos máximos das aplicacións orzamentarias 334/48000 e 341/48000 poderanse incrementar no importe da redución das aplicacións orzamentarias 334/78000 e 341/78000 e viceversa. En caso de procederse a esta modificación, deberá seguirse o procedemento previsto no artigo 58 do Regulamento da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O sistema de acceso é concorrencia competitiva.

4.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as entidades públicas ou privadas que estean na situación que fundamenta a concesión da subvención e que cumprindo o disposto no artigo 13 da Lei 38/03 reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Miño, ou telo solicitado na data de petición, agás os centros de ensino públicos do termo municipal. En todo caso, no momento da concesión da subvención deberán estar inscritas.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal ou, no caso de efectuarse fóra deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen as atribuídas ao Concello de Miño.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Miño nos exercicios anteriores, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Miño e con calquera outra administración.



- O obxecto da súa actividade terá que gardar relación directa coa finalidade para a que se concede a subvención.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

No caso dos deportistas individuais: podrán ser beneficiarios as persoas físicas de nacionalidade española que sexan deportistas federados, de calquera categoría, exclusivamente na **modalidade de deporte individual**, que cumpran cos seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Miño con unha antigüidade de por lo menos 2 anos anteriores, computados de forma consecutiva, o ano en que se realice a solicitude.
- Estar en posesión dunha licenza federativa durante as dúas temporadas anteriores a esta convocatoria e que siga vixente para o ano 2025 expedida pola Federación deportiva que corresponda.
- Acreditar nivel deportivo na especialidade, por lo menos, nos dous anos anteriores a solicitude, e ter proxección de futuro.
- Que se encontren ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias con a Axencia Tributaria estatal, no Concello e na Seguridade Social.
- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria o administrativa en materia deportiva, calificada como grave ou moi grave.
- Non estar incurso en causa de exclusión o prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (art. 13 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro, de Subvencións).

Aos efectos desta convocatoria considerase deporte de carácter individual todo aquel deporte que, en función da súa regulamentación, sexa practicado por un ou dous deportistas como máximo.

Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- As entidades que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.
- As entidades que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.
- As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido este dereito, e especificamente os recollidos no art. 13 da Lei 38/03.
- As entidades que teñan asinados convenios para a realización de actividades.
- As entidades beneficiarias da convocatoria de subvencións municipais para a promoción e desenvolvemento de festivais musicais no termo municipal de Miño, para o ano 2025.



5.- DOCUMENTACIÓN

As entidades só poderán solicitar subvención para unha das materias (cultura ou deportes), de acordo co seguinte detalle:

- Unha solicitude para actividades e/ou investimentos socioculturais en xeral.
- Unha solicitude para actividades e/ou investimentos deportivos en xeral.
- Unha solicitude por deportista e por modalidade deportiva.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no departamento de cultura e deportes do Concello de Miño.

Achegarase a seguinte documentación:

1. Modelo normalizado de solicitude que incluírá a seguinte información:

- Datos da entidade e do representante.
- Programa ao que se acolle.
- Certificado do acordo de solicitude, de aceptación das bases da convocatoria da subvención e do nomeamento do representante. (Anexo I do modelo normalizado).
- Declaración xurada doutras axudas recibidas ou non para a mesma finalidade (Anexo II do modelo normalizado).
- Declaración xurada de que se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (Anexo II do modelo normalizado).
- Declaración xurada de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención ou axudas públicas (Anexo II do modelo normalizado).
- Declaración do número de persoas socias (Anexo II do modelo normalizado).
- Declaración do número de persoas usuarias das actividades culturais e deportivas e, se é o caso, o número de licenzas federativas das persoas deportistas do club, con especificación do número de persoas usuarias menores de 18 anos.
- Programa ou memoria detallada das actividades ou investimentos que se van realizar no ano 2025, con especificación das datas e lugares de realización, obxectivos, fins concretos aos que se destinarán os fondos. (Anexo III do modelo normalizado).
- Descrición das actuacións realizadas que teñan en conta a perspectiva de xénero, o emprego da lingua galega, o respecto ao medio ambiente ou a integración de persoas con discapacidade (Anexo IV do modelo normalizado).
- Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades ou investimentos para os que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento. O importe da subvención solicitada será o 80% do orzamento total cun máximo de 4.000 €. No caso de non cumprirse esta porcentaxe, os importes reformularanse automaticamente polo Concello para adaptalos á porcentaxe anterior (Anexo V do modelo normalizado).

2. NIF do representante.

3. Certificado federativo do número de licenzas (se é o caso).

4. Certificación dos datos bancarios (Se non foi achegada noutra convocatoria ou tivo modificacións).



Os **deportistas individuais** achegarán a seguinte documentación:

1. Modelo normalizado de solicitude que incluírá a seguinte información:

- Datos do solicitante.
- Programa ao que se acolle.
- Declaración xurada doutras axudas recibidas ou non para a mesma finalidade (Anexo II do modelo normalizado).
- Declaración xurada de que se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (Anexo II do modelo normalizado).
- Declaración xurada de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención ou axudas públicas (Anexo II do modelo normalizado).
- Programa ou memoria detallada das actividades que se van realizar na tempada 2024/2025, con especificación das datas e lugares de realización, obxectivos, fins concretos aos que se destinarán os fondos. (Anexo III do modelo normalizado).
- Certificación no que haberán constar as participacións e os resultados obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición. Este historial terá que vir certificado pola secretaría da federación deportiva correspondente.
- Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para os que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento. O importe da subvención solicitada será o 80% do orzamento total cun máximo de 600 €. No caso de non cumprirse esta porcentaxe, os importes reformularanse automaticamente polo Concello para adaptalos á porcentaxe anterior (Anexo V do modelo normalizado).

2. DNI do solicitante.

3. Certificado de ter a licenza vixente, coa federación deportiva correspondente durante a tempada 2024-2025.

4. Certificación dos datos bancarios (Se non foi achegada noutra convocatoria ou tivo modificacións).

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6.1.- Lugar

As solicitudes deberán presentarse **no Rexistro xeral de entrada do Concello por medios presenciais ou electrónicos**, xunto coa documentación esixida nestas bases.

6.2.- Prazo

O prazo de solicitude será a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no BOP con data límite o **15 de outubro de 2025**.

7.- PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS



Unha vez rematado o prazo de solicitude, o equipo técnico de cultura e deportes do Concello examinará as solicitudes presentadas e verificará que conteñen toda a documentación requirida polas bases.

A comisión de avaliación formularalle a súa proposta motivada á Alcaldía ou órgano en quen delegue que, logo do informe da Intervención municipal, adoptará a resolución motivada que proceda.

A comisión de avaliación estará formada pola concelleira da Área de Educación, Cultura, Comunicación, Transparencia e Igualdade, o concelleiro do Servizo de Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude, a técnica sociocultural, o técnico de deportes, asistidos pola interventora municipal ou o técnico do departamento.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderándose os seguintes criterios:

1.- Cultura

- 1.- Representatividade no municipio da entidade ou asociación solicitante de acordo co ámbito veciñal que alcance: ata 5 puntos.
- 2.- Número de socios da asociación: ata 25 puntos.
- 3.- Historial dos solicitantes: carácter continuo e non ocasional das actividades programadas e das actividades da entidade: ata 10 puntos.
- 4.- Colaboración e complementariedade co Concello no desenvolvemento das actividades programadas: ata 20 puntos.
- 5.- Colaboración con outras entidades locais sen ánimo de lucro, sociais, culturais e deportivas: ata 20 puntos.
- 6.- Dificultade de execución da actividade sen a concesión da subvención: ata 10 puntos.
- 7.- Promoción da cultura entre os máis cativos: ata 20 puntos.
- 8.- Desenvolvemento de actividades e/ou investimentos que teñan en conta a perspectiva de xénero, o emprego da lingua galega, o respecto ao medio ambiente ou a integración de persoas con discapacidade: ata 15 puntos.
- 9.- Número de persoas usuarias en actividades culturais: ata 10 puntos.
- 10.- Impacto sociocultural e comunitario: ata 5 puntos.

2.- Deportes

- 1.- Representatividade no municipio da entidade ou asociación solicitante de acordo co ámbito veciñal que alcance: ata 5 puntos.
- 2.- Número de socios da asociación: ata 10 puntos.
- 3.- Historial dos solicitantes: carácter continuo e non ocasional das actividades programadas e das actividades da entidade: ata 10 puntos.
- 4.- Colaboración e complementariedade co Concello no desenvolvemento das actividades programadas: ata 20 puntos.
- 5.- Colaboración con outras entidades locais sen ánimo de lucro, sociais, culturais e deportivas: ata 20 puntos.
- 6.- Dificultade de execución da actividade sen a concesión da subvención: ata 10 puntos.



- 7.- Promoción do deporte entre os máis cativos: ata 20 puntos.
- 8.- Desenvolvemento de actividades e/ou investimentos que teñan en conta a perspectiva de xénero, o emprego da lingua galega, o respecto ao medio ambiente ou a integración de persoas con discapacidade: ata 15 puntos.
- 9.- Número de persoas usuarias en actividades deportivas e no seu caso, o número de licenzas federativas das persoas deportistas do club: ata 25 puntos.
- 10.- Impacto deportivo e comunitario: ata 5 puntos.

O importe máximo da subvención concedida non poderá exceder o límite de 4.000 euros. No suposto de entidades que soliciten subvención para actividades e para investimentos, a suma de ambas as dúas non poderá exceder o límite dos 4.000 euros.

3.- Deportistas individuais

Os resultados a valorar deberán ceñirse exclusivamente a modalidade deportiva para a que se solicita a axuda, na que o/a deportista teña a correspondente licenza federativa. Valorarase a participación en campionatos oficiais durante a tempada 2024-2025. Entendese por competición oficial as consideradas como tal pola Federación Deportiva ou pola Administración deportiva dentro do seu ámbito competicional.

Historial deportivo. – Asignaráselle á persoa deportista a puntuación correspondente ao resultado do maior nivel que obtivera na tempada 2024-2025, obtida en campionato oficial, ou campionato recoñecido pola federación deportiva correspondente.

Nivel 1: 30 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Participación en Campionatos do Mundo absolutos.
- Participación en Campionatos do Mundo en categorías inferiores.

Nivel 2: 20 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Participación en Campionatos de Europa absolutos.
- Participación en Campionatos de Europa en categorías inferiores.

Nivel 3: 15 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Participación en Campionatos de España individual absoluto
- Participación en Campionatos de España individual en categorías inferiores.

Nivel 4: 10 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Medallista en Campionatos autonómicos absolutos.
- Medallista en Campionatos autonómicos en categorías inferiores.

Nivel 5: 5 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Participación en Campionatos autonómicos absolutos
- Participación en Campionatos autonómicos en categorías inferiores.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

9.1.- Prazo de xustificación

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



O prazo para a xustificación da subvención finalizará o día 31 de xaneiro do 2026.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo establecido requirirase á persoa beneficiaria para a súa presentación (art. 70 Regulamento de subvencións). A falta da presentación, no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución de Alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta.

9.2.- Documentación xustificativa

Para o aboamento da subvención, as entidades deberán presentar no Rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

1.- Modelo normalizado de xustificación subvención co seguinte contido:

- Declaración das subvencións ou axudas solicitadas/obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (Anexo VI do modelo normalizado).
- Declaración xurada de que se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (Anexo VI do modelo normalizado).
- Conta xustificativa dos gastos realizados, con identificación do acredor e número de documento, importe e data de emisión (Anexo VII do modelo normalizado).
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos (Anexo VIII do modelo normalizado).

2.- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas:

Os xustificantes dos gastos para a realización das actividades subvencionadas deberán corresponder necesariamente aos gastos ocasionados para o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, e non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos; neste sentido serán determinantes os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos.

Admitiranse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa en orixinal ou mediante fotocopia debidamente compulsada.

Os **elementos que deben incluírse na factura** son os seguintes:

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu CIF.
- Identificación da entidade, co CIF.
- Data de emisión.
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se detallen e se describan os conceptos detallados.



- IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente.
- Cando unha entidade estea exenta de IVE, terase que presentar certificado que acredite a exención, manifestado polo órgano competente.

Para a xustificación dos gastos pertencentes a persoal (cursos, conferencias, árbitros, adestradores, etc.) admitiranse nóminas orixinais asinadas polo perceptor, ou ben fotocopias compulsadas.

Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos feitos dende o día 1 de xaneiro ata o día 31 de decembro do 2025.

En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto de subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables pola parte correspondente (no caso de que tamén consten conceptos subvencionables).
- Facturas que non veñan presentadas en forma e modo.

3.- Xustificante do pagamento:

Para todos os gastos con independencia do importe.

En caso de non presentarse o xustificante do pagamento non se terán en conta estes gastos como xustificante da subvención e polo tanto perderase a parte correspondente aos mesmos.

Con carácter excepcional, aceptarase como xustificante de pago, o recibí do proveedor para gastos de contía inferior a 100 euros.

4.- Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O Concello de Miño resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, e queda obrigada a persoa beneficiaria a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor e Intervención xeral.

9.3.- Importe que hai que xustificar

Para os efectos da xustificación das subvencións, as entidades deberán xustificar a subvención concedida incrementada na achega fixa que deberán realizar as entidades, polo que o orzamento subvencionado que será o que se terá que xustificar para cobrar a subvención, será igual ao importe da subvención concedida máis a aportación da entidade.

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento



subvencionado, e polo tanto a cantidade a xustificar, será a suma das subvencións obtidas para a mesma finalidade.

9.4.- Tramitación e pagamento da subvención

Conforme ao previsto na Base 69ª das BEO do orzamento vixente, o Alcalde ou órgano en que delegue, poderán acordar aboar un anticipo da presente subvención de ata un 80% da contía concedida, e unha vez que sexan xustificadas os gastos subvencionados procederase, previo informe da intervención, a abonar o 20% restante.

A xustificación presentada remitirase ao equipo técnico de cultura e deportes para que verifiquen a documentación presentada e emitan informe proposta sobre as mesmas.

Posteriormente será remitida a documentación co correspondente informe-proposta para a súa fiscalización á Intervención xeral do Concello, que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos recibidos nas actividades para as que foi concedida a subvención.

No suposto de presentar a totalidade dos xustificantes de pagamento requiridos e que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase a totalidade da subvención. Noutro caso, aboarase a parte proporcional da subvención, en función do importe total dos gastos acreditados.

Con carácter previo ao pagamento das cantidades correspondentes, comprobarase de oficio pola Tesourería municipal que as entidades beneficiarias non teñen débedas pendentes co Concello. Neste suposto, procederase ao seu cobro mediante a súa dedución da obriga de pago.

Miño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo



**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA
ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS CULTURAIS E DEPORTIVOS PARA O ANO 2025**

Solicitude

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

RAZÓN SOCIAL:	
C.I.F.:	
DOMICILIO:	
TELÉFONO:	
PÁXINA WEB:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS:	
N.I.F.:	
DOMICILIO:	
TELÉFONO:	

PROGRAMA AO QUE SE ACOLLE (márquese cun (X))

MATERIA	PROGRAMA	
CULTURA	Subvención para actividades en xeral	
	Subvención para investimentos	
DEPORTE	Subvención para actividades en xeral	
	Subvención para investimentos	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA CON ESTA SOLICITUDE:

- Fotocopia do N.I.F. da persoa representante.
- Certificación dos datos bancarios. (Se non foi achegada noutra convocatoria ou tivo modificacións)
- Certificado federativo do número de licenzas (no seu caso).

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE, ACEPTACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA E NOMEAMENTO DA PERSOA REPRESENTANTE

Don/Dona _____, con DNI nº _____
como secretario da asociación _____

CERTIFICO: que na reunión da xunta directiva da mencionada asociación, celebrada o día _____, adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS CULTURAIS E DEPORTIVOS PARA O ANO 2025, das que se coñecen e aceptan ás bases.

Así mesmo, acordouse nomear a Don/Dona _____, con DNI nº _____ representante para as relacións desta asociación co Concello de Miño.

E, para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación en Miño, a _____ de _____ do 2025

Asdo:

V. e pr:

O/A secretario/a,

O/A presidente/a,



ANEXO II - DECLARACIÓNS XURADAS

Don./dona _____, con DNI nº _____
como representante da entidade _____

DECLARA:

1)

☐ Que na data actual a entidade solicitou/recibiu a/as seguinte/es axuda/as para a mesma finalidade:

Denominación da Administración ou Ente público ou privado concedente da axuda	Contía da axuda (*)

* No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna.

- ☐ Que na data actual a entidade non solicitou/recibiu outras axudas para a mesma finalidade.

2) Que a entidade a que represento se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social e e autoriza ao Concello de Miño a obter os correspondentes certificados

3) Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención ou axudas públicas.

4) Que o número de total de socios na data actual é de _____.

5) Que o número persoas usuarias das actividades é de _____, dos cales o número de persoas usuarias menores de 18 anos é de _____.

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



ANEXO III - MEMORIA DETALLADA DAS ACTIVIDADES OU INVESTIMENTOS

DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES A REALIZAR:

LUGAR DE REALIZACIÓN:

DATAS DE REALIZACIÓN:

FINS E OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE:

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



**ANEXO IV – DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS QUE TEÑAN EN
CONTA A PERSPECTIVA DE XÉNERO, O EMPREGO DA LINGUA GALEGA, O
RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE OU A INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE**

DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTUACIÓN REALIZADAS

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



ÁREA: CULTURA E DEPORTES

ANEXO V – ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
Total Gastos	

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
PROPIO_____	_____
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN_____	_____
SUBVENCIÓN XUNTA_____	_____
OUTROS (especifique)_____	_____
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO CONCELLO DE MIÑO_____	_____
Total Ingresos	

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.:

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS CULTURAIS E DEPORTIVOS PARA O ANO 2025****XUSTIFICACIÓN****DATOS DA ENTIDADE:**

RAZÓN SOCIAL:	
C.I.F.:	
DOMICILIO:	
TELÉFONO:	
PÁXINA WEB:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS:	
N.I.F.:	
DOMICILIO:	
TELÉFONO:	

PROGRAMA AO QUE SE XUSTIFICA (márquese cun (X))

MATERIA	PROGRAMA	
CULTURA	Subvención para actividades en xeral	
	Subvención para investimentos	
DEPORTE	Subvención para actividades en xeral	
	Subvención para investimentos	

En cumprimento do establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e unha vez concedida a subvención, procédese a aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma:

1. Anexo VI: Certificado de que se realizaron os fins para as que foi concedida a subvención; declaración das subvencións ou axudas solicitadas/obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto; declaración xurada de que se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
2. Anexo VII: Conta xustificativa dos gastos realizados, con identificación do acreedor e número de documento, importe e data de emisión.
3. Anexo VIII: Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.
4. Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas:

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



Concello de Miño

EXPEDIENTE: 2025/A002/000003
ÁREA: CULTURA E DEPORTES
BORRADOR

CVD: pHmy7aGE34TfJggKks2B Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



ANEXO VI

Don/Dona _____, con DNI nº _____
como secretario da asociación _____ CERTIFICO:

- 1) Que no exercicio 2025 obtivo unha subvención do Concello de Miño polo importe de _____,
co seguinte obxeto _____ (programa que se xustifica) e que a entidade
- Recibiu a/as seguinte/es axuda/as para a mesma finalidade:

Denominación da Administración ou Ente público ou privado concedente da axuda	Contía da axuda

- ☐ Non recibiu outras axudas para a mesma finalidade.

- 2) Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización do gasto para a que foi
concedida.
- 3) Que a entidade a que represento se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade
Social

E, para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación en Miño, a _____
de _____ do 2025

Asdo:

V. e pr:

O/A secretario/a,

O/A presidente/a,



EXPEDIENTE: 2025/A002/000003
ÁREA: CULTURA E DEPORTES
BORRADOR

CONCEPTOS DE GASTOS	ACREEDOR, N° DE DOCUMENTO E DATA	IMPORTE
TOTAL		

[illegible]

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



EXPEDIENTE: 2025/A002/000003
ÁREA: CULTURA E DEPORTES
BORRADOR

ANEXO VIII - MEMORIA DETALLADA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS E RESULTADOS OBTIDOS

A ENTIDADE CUMPRÍU AS CONDICIÓNS IMPOSTAS NA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DA SEGUINTE ACTIVIDADES

E OBTIVO OS SEGUINTE RESULTADOS

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A representante/a da entidade

Asdo.: _____



**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA
ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS CULTURAIS E DEPORTIVOS PARA O ANO 2025**

Solicitude (deportistas individuais)

DATOS DO/A SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS:	
D.N.I.:	
DOMICILIO:	
TELÉFONO:	
DATA DE NACEMENTO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
ESPECIALIDADE DEPORTIVA:	
FEDERACIÓN:	

DATOS DEL TITOR/A (EN CASO DE QUE EL/LA SOLICITANTE SEA MENOR DE IDADE)

NOME E APELIDOS:	
D.N.I.:	

PROGRAMA AO QUE SE ACOLLE (márquese cun (X))

MATERIA	PROGRAMA	
DEPORTE	Subvención para deportistas individuais	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA CON ESTA SOLICITUDE:

- Fotocopia do D.N.I. da persoa representante.
- Certificación dos datos bancarios. (Se non foi achegada noutra convocatoria ou tivo modificacións)
- Certificado federativo de ter a licenza vixente e do historial deportivo cos resultados obtidos, coa federación deportiva correspondente

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: _____



CUBRIR E CERTIFICAR EXCLUSIVAMENTE POLA FEDERACIÓN

DATOS DO/DA DEPORTISTA:					
Nome e apelidos:					DNI:
Licenza federativa durante o ano 2025		SI		NON	Club:

HISTORIAL DEPORTIVO DO ANO 2024 (Só competicións oficiais individuais excepto as modalidades dobres)

Don/Dona _____ secretario/a da Federación _____ de
certifica:

1º.- Que o deportista obtivo os seguintes resultados

Nome do Campionato (Do Mundo, de Europa, de España, Autonómicos, etc.)	Data	Lugar	Ámbito xeográfico	Posto e/ou marca	Categoría

OUTROS MÉRITOS

Campionato	Data	Lugar	Ámbito xeográfico	Posto e/ou marca	Categoría
Outros méritos (do 2020 ata 2024):					

3º.- Que recoñece que no caso das competicións non organizadas directamente pola Federación, e mencionadas neste impreso, son igualmente competicións oficiais individuais (excepto as modalidades dobres).

4º.- Que o deportista non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

O/A secretario/a

(identificación do asinante)



ANEXO II - DECLARACIÓNS XURADAS

Don./dona _____, con DNI nº _____
como solicitante.

DECLARA:

1)

☐ Que na data actual o/a solicitante solicitou/recibiu a/as seguinte/es axuda/as para a mesma finalidade:

Denominación da Administración ou Ente público ou privado concedente da axuda	Contía da axuda (*)

* No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna.

- ☐ Que na data actual o/solicitante non solicitou/recibiu outras axudas para a mesma finalidade.

2) Que o/a solicitante se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social e e autoriza ao Concello de Miño a obter os correspondentes certificados

3) Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención ou axudas públicas.

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: _____



ANEXO III - MEMORIA DETALLADA DAS ACTIVIDADES

DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES A REALIZAR:
LUGAR DE REALIZACIÓN:
DATAS DE REALIZACIÓN:
FINS E OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE:

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: _____



EXPEDIENTE: 2025/A002/000003
ÁREA: CULTURA E DEPORTES
BORRADOR

GASTOS

[illegible]

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
PROPIO_____	_____
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN_____	_____
SUBVENCIÓN XUNTA_____	_____
OUTROS (especifique) _____	_____
SUBVENCIÓN SOLICITADA AO CONCELLO DE MIÑO_____	_____
Total Ingresos	

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: _____

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS CULTURAIS E DEPORTIVOS PARA O ANO 2025****XUSTIFICACIÓN (deportistas individuais)****DATOS DO/A SOLICITANTE:**

NOME E APELIDOS:	
D.N.I.:	
DOMICILIO:	
TELÉFONO:	
DATA DE NACEMENTO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
ESPECIALIDADE DEPORTIVA:	
FEDERACIÓN:	

DATOS DEL TITOR/A (EN CASO DE QUE EL/LA SOLICITANTE SEA MENOR DE IDADE)

NOME E APELIDOS:	
D.N.I.:	

PROGRAMA AO QUE SE ACOLLE (márquese cun (X))

MATERIA	PROGRAMA	
DEPORTE	Subvención para deportistas individuais	

En cumprimento do establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e unha vez concedida a subvención, procédese a aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma:

1. Anexo VI: Certificado de que se realizaron os fins para as que foi concedida a subvención; declaración das subvencións ou axudas solicitadas/obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto; declaración xurada de que se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
2. Anexo VII: Conta xustificativa dos gastos realizados, con identificación do acredor e número de documento, importe e data de emisión.
3. Anexo VIII: Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.
4. Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas:

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: _____



ANEXO VI

Don/Dona _____, con DNI nº _____
como solicitante _____ CERTIFICO:

- 1) Que no exercicio 2025 obtivo unha subvención do Concello de Miño polo importe de _____,
co seguinte obxeto _____ (programa que se xustifica) e que a entidade
- Recibiu a/as seguinte/es axuda/as para a mesma finalidade:

Denominación da Administración ou Ente público ou privado concedente da axuda	Contía da axuda

- ☐ Non recibiu outras axudas para a mesma finalidade.

- 2) Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización do gasto para a que foi
concedida.

- 3) Que o/a solicitante se atopa ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social

E, para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación en Miño, a _____
de _____ do 2025

Asdo:

O/A solicitante



EXPEDIENTE: 2025/A002/000003
ÁREA: CULTURA E DEPORTES
BORRADOR

CONCEPTOS DE GASTOS	ACREEDOR, N° DE DOCUMENTO E DATA	IMPORTE
TOTAL		

CONCEPTOS DE INGRESOS	IMPORTE
TOTAL	

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: _____



EXPEDIENTE: 2025/A002/000003
ÁREA: CULTURA E DEPORTES
BORRADOR

ANEXO VIII - MEMORIA DETALLADA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS E RESULTADOS OBTIDOS

A ENTIDADE CUMPRÍU AS CONDICIÓNS IMPOSTAS NA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DA SEGUINTE ACTIVIDADE

E OBTIVO OS SEGUINTE RESULTADOS

Miño, _____ de _____ de 2025

O/A solicitante

Asdo.: